

CRITERIOS DE CONCESIÓN DAS MENCIÓNS DE MATRÍCULA DE HONRA

4º EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1. Normativa vixente: concederase a mención de Matrícula de Honra ao alumnado que na avaliación final ordinaria estea en condición de obter dita mención:

*O alumnado que, despois da avaliación ordinaria do mes de xuño de cuarto curso, obteña unha nota media da etapa igual ou superior a 9 poderá obter a distinción de matrícula de honra (MH). Esta distinción concederase a un número non superior ao 5 %, ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo en cuarto curso. En todo caso, esta distinción adoptarase conforme aos criterios previamente acordados e establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica e consignarase nos documentos de avaliación mediante unha dilixencia específica.
(Resolución do 29 de maio de 2019, art. 13)*

2. Criterios de desempate: no caso de que haxa un número de candidatos/as para a obtención de matrícula de honra superior ao número de matrículas que corresponda outorgar, establecerase unha lista de prelación co alumnado candidato atendendo correlativamente aos seguintes criterios para desfacer os posibles empates:

1. Media aritmética de todas as materias de 4º de ESO, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.
2. Media aritmética de todas as materias de 3º de ESO, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.
3. Media aritmética de todas as materias de 2º de ESO, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.
4. Media aritmética de todas as materias de 1º de ESO, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.
5. Media aritmética global da ESO, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.
6. Sorteio público, previa convocatoria dos afectados/as.

3. Cando se dea a circunstancia de que haxa un número de candidatos/as para a obtención de matrícula de honra superior ao número de matrículas que corresponda outorgar, o profesorado **non** poderá modificar as cualificacións do alumnado afectado na avaliación final ordinaria de 4º da ESO.

CRITERIOS DE CONCESIÓN DAS MENCIÓNS DE MATRÍCULA DE HONRA

2º BACHARELATO

1. Normativa vixente: concederáse a mención de Matrícula de Honra ao alumnado que na avaliación final ordinaria estea en condición de obter dita mención:

Os alumnos e as alumnas que obtivesen no segundo curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A dita mención concederáselle a un número de alumnos non superior ao 5% do total de alumnado deste curso. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou alumna.

(Orde do 5 de maio de 2011, Art. 10)

2. Criterios de desempate: no caso de que haxa un número de candidatos/as para a obtención de matrícula de honra superior ao número de matrículas que corresponda outorgar, estableceráse unha lista de prelación co alumnado candidato atendendo correlativamente aos seguintes criterios para desfacer os posibles empates:

1. Media aritmética de todas as materias do 2º curso de bacharelato, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.
2. Media aritmética de todas as materias do 1º curso de bacharelato, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.
3. Media aritmética global do Bacharelato, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.
4. Media aritmética global da ESO, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.
5. Sorteio público, previa convocatoria dos afectados/as.

3. Cando se dea a circunstancia de que haxa un número de candidatos/as para a obtención de matrícula de honra superior ao número de matrículas que corresponda outorgar, o profesorado **non** poderá modificar as cualificacións do alumnado afectado na avaliación final ordinaria do segundo curso de bacharelato.

CRITERIOS DE CONCESIÓN DAS MENCIÓNS DE MATRÍCULA DE HONRA

CICLOS FORMATIVOS

1. Normativa vixente: concederáse a mención de Matrícula de Honra ao alumnado que na avaliación final ordinaria estea en condición de obter dita mención:

Consonte o establecido no artigo 26.4 da Orde do 12 de xullo de 2011, os alumnos e as alumnas que obteñan unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna.

O número de matrículas de honra que se poderán conceder en cada centro por cada grupo de alumnos/as matriculados/as con opción a titular nun determinado ciclo formativo no curso académico será como máximo de dúas. Non obstante, no caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados/as con opción a titular no ciclo formativo no curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

Para estes efectos, e dado que o alumnado pode titularse en diferentes períodos do curso académico, a mención de matrícula de honra só se poderá realizar no mes de xuño logo de realizada a avaliación final de módulos correspondente. No caso de que o alumnado beneficiario rematase o ciclo formativo noutro mes do curso, a mención de matrícula de honra será consignada cunha dilixencia nos documentos de avaliación do alumno ou da alumna. RESOLUCIÓN do 4 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

2. Criterios de desempate: no caso de que haxa un número de candidatos/as para a obtención de matrícula de honra superior ao número de matrículas que corresponda outorgar, estableceráse unha lista de prelación co alumnado candidato atendendo correlativamente aos seguintes criterios para desfacer os posibles empates:

1. Media aritmética de todas as materias do 2º curso do ciclo formativo, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.
2. Media aritmética de todas as materias do 1º curso do ciclo formativo, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.
3. Media aritmética global do ciclo, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.
4. Sorteio público, previa convocatoria dos afectados/as.

3. Cando se dea a circunstancia de que haxa un número de candidatos/as para a obtención de matrícula de honra superior ao número de matrículas que corresponda outorgar, o profesorado **non** poderá modificar as cualificacións do alumnado afectado na avaliación final ordinaria do segundo curso do ciclo.